




PLAN DE LECTURA

INSTITUTO SANTA IRENE



XUNTA
DE GALICIA



ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO LECTOR	1
2. OBXECTIVOS XERAIS.....	1
3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	1
4. COORDINACIÓN DE EQUIPOS PARA O FOMENTO DA LECTURA.....	2
5. PREPARACIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS	2
6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS	3
7. ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LECTURA	3
8. ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DO PROXECTO LECTOR	4
9. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	5



1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO LECTOR

O Proxecto Lector terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave, tal y como se propón no [Decreto 156/2022, do 15 de setembro](#), polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e no [Decreto 157/2022, do 15 de setembro](#), polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. OBXECTIVOS XERAIS

- Consegui que o fomento da lectura non se circunscriba só á biblioteca e os departamentos de linguas, senón que implica á totalidade da comunidade educativa, tendo en conta que a competencia lectora debe ser avaliada desde todas as materias.
- Incentivar no alumnado a sensibilidade literaria, cultivar o seu gusto e o pracer de ler, compensando a falta de estímulos familiares, sociais ou persoais.
- Alentar o crecemento lector nos alumnos dun xeito continuado, potenciando as ferramentas lectoras, como son a habilidade mecánica, a comprensiva e o dominio do vocabulario, descubríndolles as posibilidades de utilización de diferentes modos de lectura.
- Favorecer a comprensión lectora mediante técnicas de traballo persoal e na aula, potenciando o uso do dicionario para resolver dúbidas sobre o vocabulario específico das distintas áreas.
- Estimular o hábito da lectura, espertando a necesidade de ler dende as idades máis temperás.
- Concienciar ás familias da estreita relación que existe entre a mellora da competencia lectora e o éxito escolar.
- Propiciar o intercambio de experiencias lectoras tanto entre o alumnado como entre este e o profesorado.
- Implicar todo o profesorado nas actividades, campañas ou outras experiencias de dinamización para potenciar o hábito lector do alumnado.
- Favorecer a lectura como un medio de integración e mellora social.
- Desenvolver coa lectura a cooperación, a coeducación e a igualdade rexeitando a desigualdade e a discriminación social.
- Promover entre o alumnado o uso cotián e diario da biblioteca do centro ou do barrio de forma que adquiran as ferramentas para manexarse con eficacia por este entorno, comprendan a súa importancia para a aprendizaxe e valoren a importancia de coidar e conservar os libros.
- Animar ás familias a implicarse de forma activa en estimular o exercicio e o gusto pola lectura.

3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

O equipo directivo do centro apoia este Plan dinamizando e impulsando o seu desenvolvemento e velando para que se leve a cabo. Considérao un instrumento útil para a mellora escolar, que sen dúbida contribuirá en boa medida a reducir o fracaso escolar.



Pode falarse dunha comisión do Plan de Lectura formada polo director do centro, a xefatura de estudos (de diúrno e nocturno), vicedirección (encargado das actividades extraescolares) e secretario (nas tarefas administrativas), pero á que se suman a coordinadora da Biblioteca Escolar e os coordinadores doutros programas do centro como dinamización lingüística, formación de profesorado, orientación, igualdade ou TIC.

4. COORDINACIÓN DE EQUIPOS PARA O FOMENTO DA LECTURA

Aínda que apoiadas polo equipo directivo, as actividades de fomento de lectura contarán coa axuda da Biblioteca Escolar como elemento dinamizador do centro. A Biblioteca “Méndez Ferrín” do IES Santa Irene continúa así o proceso iniciado no curso 2013-2014, e propiciado pola participación no PlaMB de bibliotecas escolares, que propiciou a apertura de espazos e do proxecto didáctico da biblioteca, convertindo o mesmo nun lugar dinámico que tenta favorecer e dar apoio á vida cultural e as actividades do centro tratando o mesmo tempo de crear un espazo inclusivo para o fomento da lectura.

Por outra banda, coordínase cos diferentes departamentos didácticos para organizar actividades que fomenten a lectura como os itinerarios lectores, conferencias, charlas ou incluso actividades de orde interdisciplinar.

Os departamentos didácticos desenvolverán dentro das aulas, ou no espazo da sala de lectura se é posible, nas distintas materias impartidas do currículo o fomento da lectura, a comprensión lectora de textos, a aprendizaxe do vocabulario específico para a materia.

5. PREPARACIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS

As persoas e/ou departamentos responsables das actividades programadas encargaranse da organización e posta en marcha das mesmas e solicitarán os recursos materiais necesarios ao centro. O centro conta con documentos (en word) que recollen as diferentes lecturas por niveis e materias dos equipos docentes.

Para por en marcha as actividades, cóntase coa colaboración dos departamentos didácticos e a biblioteca colabora cos departamentos proporcionando axuda na elaboración de material e espazo.

Os diferentes departamentos elaboran listados de materiais coas necesidades que permitan desenvolver as actividades ao alumnado. Do compra de material de lectura tanto se é de ficción ou de non ficción (libros de consulta, xogos...) encárgase o/a coordinador/a da biblioteca escolar a través dos fondos que recibe do PLAMBE e da partida que o centro asigna para tal fin.

O centro dispón de varias aulas de informática, pero a Biblioteca dispón de cinco portátiles (ata o de agora), dúas tablets, e unha pantalla, que permite ao profesorado e ao alumnado, acceder á información dixital e ao fomento da competencia dixital.

Por outra banda, a biblioteca contempla material específico para alumnado n.e.e. (libros de lectura adaptados) e tamén facilita ferramentas informáticas ao alumnado con problemas de exclusión socio-económica seguindo a liña inclusiva que fomenta a integración de todos na comunidade educativa, e particularmente no noso centro.



6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

Para a organización destes materiais e recursos cóntase con diferentes espazos, cada un deles preparado para diferentes actividades. Entre eles estará:

A Biblioteca Escolar, que é considerado o eixe vertebrador e dinamizador das diferentes propostas. Está composto por dous espazos, a sala de lectura (con capacidade para 32), combina pequenos espazos de lectura/traballo, para grupos pequenos e de lectura individual, creando un espazo acolledor de lectura. E por outro lado unha sala de estudio (con capacidade para 36) que conta con pantalla multimedia, e material de consulta, pensada para charlas (a grupos individuais), zona creativa...

Para actividades que fomenten a lectura, como conferencias que necesiten máis capacidade o centro dispón do Paraninfo.

Algún departamento (concretamente o de latín e grego) dispón de aulas específicas nas que se inclúe o seu propio material (diccionarios, lecturas...) o rexistro deste material centralízase na biblioteca.

As Aulas de Informática (ou TIC) poñen a disposición do Plan de Lectura o seu espazo para a elaboración de actividades.

A Aula Polos Creativos (que dispón de radio, impresora 3D) tamén participa neste Plan de Lectura co seu espazo creativo.

O “arquivo histórico” do centro, no que se conservan libros, documentación administrativa de alumnado, profesorado, actas e documentación xerada nos máis de 75 anos de historia. (Este material será revisado polo MUPEGA).

As Aulas tamén son espazos cotiás de lectura nas horas de clase das distintas materias e nas titorías. As distintas materias desenvolven a lectura na aula e fomentan a comprensión lectora e a aprendizaxe en cada materia.

Pero tamén hai un espazo nos Corredores: postos de lectura e estudo, no corredor de acceso á Biblioteca, así como paneis de exposicións de traballos xerados polas diferentes actividades.

A vicedirección é a encargada de coordinar a disponibilidad dos espazos.

7. ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LECTURA

Desde o equipo directivo apóiase o fomento da lectura con diferentes vías abertas para o desenvolvemento deste Plan de Lectura que trata de satisfacer ás demandas dun alumnado plural e incentiva calquer iniciativa ou proxecto que propoña o profesorado en relación co fomento da lectura e a comprensión lectora.

Cada departamento elabora o seu **itinerario Lector**: trátase dun conxunto de lecturas obrigatorias ou complementarias, trimestrais ou anuais, individuais ou grupais no que o profesorado e o alumnado se apoia para non só despertar o hábito lector senón tamén para reforzar e mellorar a competencia lectora do alumnado e o axude no desenvolvemento das competencias básicas. De aquí derívanse actividades como presentación de novidades editoriais, encontros con autores antes ou despois da lectura dos libros...



A **Biblioteca** convértese nun espazo dinámico de variadas actividades de fomento lector tanto para o alumnado da quenda de diúrno como da de adultos e, polo tanto, un lugar clave para o fomento da lectura, cunha ampla oferta para satisfacer as demandas do alumnado:

Como elemento dinamizador de lectura a Biblioteca conta cun **Club de Lectura** que abarca diferentes liñas adaptadas aos diversos gustos:

- Liña 1. “Valores”, dirixida ao alumnado de 1º ESO.
- Liña 2 “Convivencia” dirixida ao alumnado de 2º ESO.
- Liña 3 “Iniciación á lectura compartida” dirixida ao alumnado con NEE, 1º ES
- Liña 4 “Club Manga”, dirixida a todo o centro.
- Liña 5 “Igualdade” dirixida ao alumnado de 3º ESO.
- Liña 6 “Novela actual” dirixida ao alumnado de 3º e 4º da ESO e Bacharelato.
- Liña 7 “Grupo de adultos”, dirixida ao alumnado de adultos.

Xorden actividades de lectura compartida, charlas cos autores, encontros con outros clubs de lectura, elaboración de material para divulgar o seu traballo, roteiros literarios...

Tamén propón **actividades programadas** vinculadas ás efemérides que axudan a temporalizar, contextualizar e aplicar os coñecementos en diferentes ámbitos: Día das escritoras, Día das Bibliotecas Escolares, Samaín, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Recomendacións lectoras de Nadal, Día da Ilustración, Día da Paz, Entroido, Día de San Valentín, Día da Poesía e da árbore, Día de Rosalía, Día Internacional da Muller, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Recomendacións Lectoras de verán. E sempre aberta a calquer actividade que se lle propoña desde calquer departamento. De aquí derívanse actividades como concursos literarios, xogos de encrucillados, xogos de pistas, xeroglíficos, obradoiros de escritura ou de ilustración etc.

Actividades de **formación de usuarios**: ao comezo de curso organízanse sesións de formación con charlas ao alumnado de 1º da ESO para coñecer o funcionamento da biblioteca aos novos usuarios. Por outro lado o centro participa no “Programa de Voluntariado” organizado polo programa de “Bibliotecas Solidarias”. Este grupo de voluntarios non só axuda no desenvolvemento e difusión das actividades senón que tamén axuda no servizo de préstamo, rexistro, expurgo, escolma de libros, elección de recomendacións lectoras ou xurado dos concursos literarios.

8. ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DO PROXECTO LECTOR

A biblioteca “Méndez Ferrín” debe converterse no elemento de desenvolvemento do Plan de Lectura do centro facilitando o préstamo de libros e o acceso a libros en soporte dixital.

Para conseguilo conta con diferentes medios entre eles:

- O blog da biblioteca: <https://acovamaxica.blogspot.com/> É un dos recursos principais de difusión da información relacionada co Plan de Lectura, desde él difúndense as recomendacións lectoras, súbense un resumo das actividades elaboradas a través de breves presentacións...
- O Voluntariado da Biblioteca é o encargado de expor o material xerado polas actividades.



- Cada liña do Club de Lectura, crea a súa propia Aula Virtual para porse en contacto cos diferentes membros.
- Cóntase con paneis nos corredores que presentan actividades ou exponen tarefas realizadas.
- O correo electrónico da biblioteca para o servizo de préstamo de libros: prestamo.libros@iessantairene.es
- A conta específica da biblioteca: bibliotecamf@iessantairene.es á que se poden enviar suxestións ou estar en contacto con outros membros do equipo.
- O centro ten unha conta en Instagram na que divulga as actividades nas que participa o centro entre elas as relacionadas co Plan de Lectura.

9. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar os resultados do proxecto lector e a súa contribución ao fomento da lectura utilizaremos diferentes instrumentos.

- Análise de estatísticas do índice de participación nas actividades de dinamización da lectura.
- Análise de estatísticas do índice de utilización da Biblioteca en función dos resultados de préstamos.
- Enquisa entre o alumnado, profesorado e familias sobre o número e título dos libros lidos ao longo do ano.
- Enquisa entre os departamentos didácticos para valorar as actividades de fomento da lectura realizadas durante o curso e a incidencia que tiveron na mellora da competencia lectora do alumnado.
- Aplicación no Plan Anual de Lectura das melloras a realizar en función dos resultados obtidos no curso anterior a través destes instrumentos de avaliación.



Data de aprobación do claustro: 07 de novembro de 2024

Data de aprobación do consello escolar: 07 de novembro de 2024

IES Santa Irene